

## Presentación de comunicacións a BioIntegraSaúde - BIS 2026

### Hospital Universitario de A Coruña, 18 de junio de 2026

- Poderán presentar comunicación tódolos/as investigadores/as que desenvolvan a súa actividade en calquera dos hospitais do SERGAS ou nos institutos de investigación sanitaria galegos, sexan profesionais en plantilla, contratados/as, residentes ou estudantes predoutorais.
- As comunicacións serán de dous tipos:
  - **Orais:** consistirán nunha presentación de resultados de investigación recentes e salientables (8 minutos + 2 de discusión). Das propostas recibidas para comunicación oral, seleccionaranse nove para presentar no plenario. As comunicacións non seleccionadas poderán presentarse en formato póster. Un comité de avaliación concederá dous premios ás mellores comunicacións.
  - **Póster.** Das recibidas para formato póster, seleccionaranse un máximo de 50 para a súa exposición, presentación e discusión. Un comité de avaliación concederá dous premios aos mellores pósters (un deles reservado para un/unha investigador/a predoutoral).
- Tódalas comunicacións recibidas serán publicadas en formato electrónico na web do INIBIC.

#### Xeito de presentación

Recibiranse propostas ata as 23:59 horas do día **14 de mayo 2026**. Enviaranse a través do formulario web habilitado coa seguinte información.

Tipo de comunicación: Oral ou póster.

Título.

Autor/a (s) (máximo 8): respetarase o seguinte formato: apelido1º apelido2º, nome (os autores deberán estar separados por punto e coma).

Identificar que autor/a presentará a comunicación, indicando se é ou non investigador/a predoutoral.

Correo electrónico de quen vaia presentar a comunicación.

Institución: especificarase o nome do hospital ou instituto ao que pertence.

Grupo de investigación.

Resumo (máximo 2000 caracteres; pódese presentar en galego, español ou inglés).

Palabras chave (5).

Os pósters serán expostos sempre que cumpran os seguintes requisitos:

(1) tamaño 90 cm de ancho e 120 cm de alto;

(2) estarán impresos nunha única peza de papel, tela ou material plástico

A persoa que presente unha comunicación oral ou defenda un póster considerarase inscrita automaticamente. O resto dos autores, terán que inscribirse en prazo. A inscrición é gratuíta. As consultas enviaranse por correo a [inscripcionesbiointegrasaude.coruna@sergas.es](mailto:inscripcionesbiointegrasaude.coruna@sergas.es)

Por favor, considerade os aspectos relacionados coa **patentabilidade** dos vosos resultados de investigación comentando a vosa intención de presentar unha comunicación en BIS 2026 coa entidade de xestión da que dependades.